

# CONTRATO REGULADOR DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS E DAS USUARIAS DOS SISTEMAS ALOXADOS NO SITIO WEB: CIG-ENSINO.GL E DOS SEUS SERVIZOS

Dunha banda:

A persoa interesada, maior de idade, cuxos datos persoais, académicos e identificativos se rexistrarán, no caso de proporcionalos, nas bases de datos dispostas na plataforma [www.cig-ensino.gl](http://www.cig-ensino.gl). En adiante O/A USUARIO/A-CONTRATANTE.

Da outra:

A Confederación Intersindical Galega (CIG), con CIF G36706927 e con enderezo social na cidade de Santiago de Compostela, Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10 (CP 15705) do concello de Santiago de Compostela, correo: [formación@galizacig.net](mailto:formación@galizacig.net). Telefone: 981 576800. Fax: 981 575839. En adiante: A COTITULAR DA LICENZA DE USO DO SOFTWARE ALOXADO NO SITIO WEB CIG-ENSINO GL-CONTRATADA.

A Asociación Socio Pedagóxica Galega (AS-PG), con CIF G15154297 e con enderezo social na cidade da Coruña, Rúa Laracha nº 9-baixo (CP 15010) do concello da Coruña, correo: [información@as-pg.com](mailto:información@as-pg.com). Teléfono: 981 278259. Fax: 981 278259. En adiante: A COTITULAR DA LICENZA DE USO DO SOFTWARE ALOXADO NO SITIO WEB CIG-ENSINO.GL-CONTRATADA.

Ambas partes, recoñecéndose capacidade legal suficiente, ACORDAN subscribir este CONTRATO REGULADOR, ao abeiro das seguintes,

## CONDICIÓN XERAIS DE USO DO SOFTWARE ALOXADO NO SITIO WEB CIG-ENSINO.GL E DOS SEUS SERVIZOS

Mediante este documento establécense as Condicións Xerais de Uso dos sistemas aloxados no sitio web: [cig-ensino.gl](http://cig-ensino.gl) e dos seus servizos, cuxos cotitulares, por acordo de cesión de licenza de software, subscrito coa propietaria do mesmo: a Fundación pra Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e a Formación en Galiza (forGA), son a Confederación Intersindical Galega (en adiante CIG), con CIF: G36706927 e a Asociación Socio Pedagóxica Galega (en adiante AS-PG), con CIF G15154297, con enderezo social, a primeira, na cidade de Santiago de Compostela, Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10 (CP 15705) do concello de Santiago de Compostela (Galiza) e, a segunda, na cidade da Coruña, Rúa Laracha nº 9-baixo (CP 15010) do concello da Coruña (Galiza); actuando como representante único de ambas entidades, aos exclusivos efectos deste contrato: ANXO

LOUZAO RODRÍGUEZ, (D.I. nº 33229383H).

O acceso ao software aloxado no sitio web [cig-ensino.gl](http://cig-ensino.gl) e aos seus servizos implica, sen reservas, a aceptación das presentes Condicións Xerais de Uso.

### 1.- INFORMACIÓN PREVIA Á CONTRATACIÓN:

As presentes condicións xerais de uso do software aloxado no sitio web [cig-ensino.gl](http://cig-ensino.gl), así como as condicións de contratación dos distintos servizos ofertados, figuran publicadas en tal espazo web, podendo todo/a USUARIO/A arquivalas e imprimilas, con carácter previo á súa disposición e uso.

### 2.- OBXECTO DO SITIO WEB CIG-ENSINO.GL:

Os sistemas aloxados no sitio web [cig-ensino.gl](http://cig-ensino.gl) foron deseñados, pola Fundación pra Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o

Emprego e a Formación en Galiza (forGA), para prestar servizos de formación pro emprego e accesorios á formación pro emprego, así como outro tipo de informacións complementarias que se inclúan directamente ou a través dos correspondentes enlaces ou ligazóns, polas cotitulares da licenza de uso. Desde o citado sitio os/as USUARIOS/AS poderán, por medio do software aloxado no mesmo, contratar e xestionar os servizos específicos que se ofrezan pola cotitulares da licenza de uso.

### 3.- CONDICIÓN DE ACCESO E USO DO SITIO WEB:

O acceso ao sitio web [cig-ensino.gl](http://cig-ensino.gl), así como a utilización do software aloxado en tal dominio, non aparella a obrigatoriedade de inscrición ou rexistro do USUARIO/A en base de datos ningunha. Esta inscrición unicamente será necesaria para contratar servizos, mediante a introdución de determinados datos

nun formulario de rexistro de USUARIO/A onde se reiteran as presentes Condicións Xerais de Uso.

As condicións de acceso e uso dos sistemas aloxados no sitio web cig-ensino.gl réxense estritamente pola legalidade vixente e polo principio de boa fe comprometéndose o/a USUARIO/A a realizar un bo uso dos sistemas dispostos no sitio web. Fican, xa que logo, prohibidos todos os actos que vulneren a legalidade, dereitos ou intereses de terceiros, dereito á intimidade e ao honor, protección de datos, propiedade intelectual e en definitiva calquera acción que poida constituír unha conduta ilícita. Expresamente e sen carácter taxativo a CIG e a AS-PG proiben os seguintes:

- \* Realizar accións que poidan producir no sitio web ou a través do mesmo, por calquera medio, danos aos sistemas do sitio web ou a terceiros.

- \* Realizar, sen a debida autorización, calquera tipo de publicidade ou información comercial, directamente ou de forma agachada, o envío de correos masivos non solicitados ("spamming") ou envío de grandes mensaxes, co fin de bloquear servidores da rede ("mail bombing"). No caso de que calquera das titulares da licenza de uso reciban notificación ou queixa dumha práctica deste teor, farano saber ao USUARIO/A para que, con carácter inmediato cese na mesma.

- \* Asemade, fica expresamente prohibida a utilización de programas deseñados co fin de causar problemas ou ataques na rede; incluíndose na anterior prohibición o intento de pór a proba a seguridade dos servidores realizando calquera tipo de entrada ou acción que non resulte estritamente necesaria pro goce do servizo por parte do USUARIO/A.

A CIG, a AS-PG e/ou a FORGA poderán interromper en calquera

momento o acceso aos seus sitios web, se detectaren un uso contrario á legalidade, a boa fe ou ás presentes condicións xerais.

#### 4.- CONTIDOS DO SITIO WEB:

Os contidos incorporados nos sistemas aloxados no sitio web cig-ensino.gl foron elaborados e incluídos por:

- \* As cotitulares da licenza de uso do software: CIG e/ou AS-PG; utilizando fontes internas e externas, de tal modo que a CIG e a AS-PG, unicamente, se fan responsábeis dos contidos elaborados de forma interna.

- \* Os/as USUARIOS/AS, a través de colaboracións ou introdución voluntaria de contidos, sendo estes os únicos responsábeis dos mesmos e ficando expresamente exentas as cotitulares da licenza de uso de toda responsabilidade que se poida derivar dos mesmos.

- \* Persoas físicas e/ou xurídicas alleas á CIG e á AS-PG, ben a través de colaboracións que se insiran directamente nos sistemas do sitio web, ben a través de enlaces ou ligazóns; sendo estas as únicas responsábeis dos contidos así introducidos e ficando expresamente exentas as cotitulares da licenza de uso do software aloxado no sitio web cig-ensino.gl de toda responsabilidade nos termos que especifica a lexislación galega, do Estado español e europea.

Ademais, a través do sitio web cig-ensino.gl pónense ao dispor do/a USUARIO/A produtos e servizos tanto da CIG e AS-PG, como de terceiros destinados a ser comercializados e que estarán suxeitos ás Condicións Xerais e Particulares de cada un dos mesmos. A CIG e a AS-PG non garantan a veracidade, exactitude ou actualidade dos contidos relativos aos servizos ofrecidos por terceiros alleos e fican expresamente exentas de todo tipo de responsabilidade polos danos e prexuízos que poidan derivarse das faltas ou erros nas características dos servizos que

poidan ofrecer estes terceiros. O/A USUARIO/A que desexe establecer un hiperenlace no seu sitio web ao sitio web cig-ensino.gl non realizará un uso ilegal ou contrario á boa fe das informacións, servizos ou produtos postos a disposición. Concretamente o/a USUARIO/A que introduza un hiperenlace ou ligazóns comprométese a:

- \* Non destruír, danar ou alterar de calquera forma os contidos, servizos ou produtos postos a dispor do USUARIO/A por medio do sitio web cig-ensino.gl.

- \* Non publicitar que as cotitulares da licenza de uso do software aloxado no sitio web cig-ensino.gl asumen a supervisión do hiperenlace ou dos contidos da propia web do/a USUARIO/A que introduce a ligazón ao sitio web cig-ensino.gl no seu propio sitio web. As cotitulares da licenza de uso non serán responsábeis en ningún caso dos contidos ou servizos da web do USUARIO/A onde se inclúa un hiperenlace ou ligazón ao sitio web cig-ensino.gl

- \* Non incluír no seu propio sitio web a marca, nome comercial ou calquera signo distintivo pertencente a CIG, AS-PG e/ou FORGA sen a previa autorización destas entidades.

#### 5.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

##### 5.1.- Información ao/a usuario/a da existencia de ficheiro e solicitude do consentimento pro tratamento automatizado dos seus datos persoais:

En relación cos datos de carácter persoal facilitados polo/a USUARIO/A, por medio dos formularios de rexistro dispostos no sitio web cig-ensino.gl, as cotitulares da licenza de uso cumpren estritamente a normativa vixente establecida na Lei 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais lexislación que a desenvolve e informa ao USUARIO/A que os referidos datos serán incluídos nun ficheiro, rexistrado na AEPD coa denominación CIG-FORMACIÓN,

pro seu tratamento automatizado, prestando o USUARIO/A consentimento mediante a aceptación destas condicións xerais ao devandito tratamento.

### **5.2.- Finalidade dos datos:**

Os sistemas aloxados no sitio web cig-ensino.gl recollen determinados datos persoais que son introducidos polo/a USUARIO/A libremente nun formulario coa finalidade de poder acceder e/ou contratar os distintos servizos así como contestar e/ou identificar as peticións realizadas polo propio/a USUARIO/A. As cotitulares da licenza de uso do sistema informan que xestionarán, automatizadamente, estes datos, para administración, ampliación e mellora dos seus servizos, así como para fins técnicos e comerciais sobre os produtos e servizos ofrecidos. Especificamente, as cotitulares da licenza de uso dos sistemas aloxados no sitio web cig-ensino.gl recollen determinados datos relativos á organización, xestión e execución de actividades formativas e accesorias á formación; tramitación de solicitudes de paraza en cursos de formación; selección de alumnos/as; comunicacións de todo tipo, relacionadas coa formación, impartición e venda de cursos, así como envío de información e publicacións sobre accións formativas, laborais, económicas e sociais. En todo caso, os datos recollidos e tratados polas cotitulares da licenza de uso son só os básicos para finalidades sinaladas anteriormente. Igualmente as cotitulares da licenza de uso recollen determinados datos de fontes accesíbeis ao público co obxectivo de realizar tarefas comerciais sobre os servizos que tais entidades prestan.

### **5.3.- Obrigatoriedade da introdución dos datos:**

Para acceder ao sitio web cig-ensino.gl, non é necesario achegar ningún dato. Con todo, para formular solicitudes sobre información si é preciso que o/a USUARIO/A achegue datos nos formularios dispostos nos sistemas

aloxados no sitio web cig-ensino.gl, para finalidades anteriormente descritas. Todos os campos son obrigatorios, agás aqueles que se sinalen especificamente como opcionais. A non cumprimentación dos mesmos carrexará a imposibilidade de prestar o servizo que se pretende contratar ou a imposibilidade de enviar a solicitude de información.

### **5.4.- Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:**

O USUARIO/A que introduza os seus datos persoais nos formularios dispostos nos sistemas do sitio web cig-ensino.gl terá pleno dereito a exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento solicitándoo a formacion@galizacig.net, ou por correo postal a: CIG-FORMACIÓN, Avenida do Aeroporto nº 92, 1º andar, 36206-Vigo (Galiza), acompañando sempre á solicitude unha copia do NIF do titular dos datos.

### **5.5.- Responsábel do tratamento:**

As responsábeis do tratamento dos datos son, solidariamente, a CIG e a AS-PG, cos enderezos indicados no encabezamento deste contrato. A CIG e a AS-PG teñen inscrito, debidamente, o seu ficheiro, baixo a denominación: CIG-FORMACIÓN, na Axencia de Protección de Datos, podéndose consultar o mesmo no enderezo web: [www.aepd.es](http://www.aepd.es).

### **5.6.- Tratamento e cesión de datos:**

O USUARIO/A, ao asinar as presentes condicións, acepta:

\* Que os datos facilitados ás cotitulares da licenza de uso, por medio dos sistemas aloxados na plataforma [www.cig-ensino.gl](http://www.cig-ensino.gl), poidan ser tratados pola CIG e pola AS-PG, como encargadas do tratamento.

\* Que os datos facilitados ás cotitulares da licenza de uso, por medio dos sistemas aloxados na plataforma [www.cig-ensino.gl](http://www.cig-ensino.gl), poidan ser cedidos ás entidades

que se indican, cos fins que tamén se sinalan; recollidos nos correspondentes contratos para cesión e tratamento de datos subscritos con cada entidade e nos documentos de seguranza internos das cesionarias e cedentes:

- A FUNDACIÓN PRA ORIENTACIÓN PROFESIONAL, A INVESTIGACIÓN E O DESENVOLVIMENTO TECNOLÓXICO, O EMPREGO E FORMACIÓN EN GALIZA (FORGA) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta desta, co obxecto de desenvolver o programa de información xurídica, laboral e económica para solicitantes de paraza e alumnos/as da plataforma cig-ensino.gl, así como co obxecto de xestionar e financiar certas accións formativas para alumnos/as das ofertas subvencionada, non subvencionada e universitaria da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

- ÁS EMPRESAS SUBCONTRATADAS POLAS COTITULARES DA LICENZA DE USO DO SOFTWARE ALOXADO NO SITIO WEB CIG-ENSINO.GL ou a calquera outra persoa física ou xurídica que interveña, con autorización por conta destas, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas para solicitantes de paraza e alumnos/as das ofertas subvencionada, non subvencionada e universitaria da CIG e da AS-PG, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

- Á XUNTA DE GALIZA, AO GOBERNO CENTRAL OU A CALQUEROUTRA ADMINISTRACIÓN ou EMPRESA PÚBLICA GALEGA, ESPAÑOLA OU EUROPEA competente e responsábel da regulación da acción formativa na que participe o alumno/a; autorizándoa, en aplicación do establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos

de Carácter Persoal, a comprobar a veracidade dos datos achegados. As cotitulares da licenza de uso informan ao USUARIO/A que, mediante a adhesión ás presentes condicións xerais, presta o seu consentimento á comunicación necesaria e imprescindible dos seus datos para xestionar os servizos que ten contratados; comunicación ligada coa finalidade mesma pola que os datos foron introducidos e, xa que logo, relacionada coa libre e lexítima aceptación da relación xurídica entre o USUARIO/A e as cotitulares da licenza de uso, cuxo desenvolvemento, cumprimento e control implica a transmisión necesaria destes datos.

#### **5.7.- Seguridade:**

A CIG e a AS-PG, como encargadas do tratamento de datos, aseguran a absoluta confidencialidade e privacidade dos datos persoais recollidos e por iso teñen adoptado as medidas de seguridade precisas a fin de evitar a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, así como garantir a súa integridade e seguridade. Con todo as cotitulares da licenza de uso non serán responsábeis das incidencias que poidan xurdir ao redor de datos persoais cando estas se deriven, ben dun ataque ou acceso non autorizado aos sistemas, de tal forma que resulte imposible detectalo ou impedilo, ou ben dunha falta de dilixencia do USUARIO/A, en canto á garda e custodia das súas claves e datos persoais.

#### **5.8.- Utilización de cookies.**

As cotitulares da licenza de uso utilizan cookies para obter información e realizar análises estatísticas sobre o uso do seu sitio web e para permitir o funcionamento dalgúns servizos. As cookies que utilizan as cotitulares da licenza de uso son anónimas e non se refiren aos datos persoais do USUARIO/A nen se pode acceder mediante as mesmas, en ningún caso, aos datos que o USUARIO/A poida ter no seu disco duro. A identidade do USUARIO/A nunca é inserida directamente na cookie e xa que

logo non é interceptábel. As únicas cookies non anónimas, é dicir, que permiten a identificación, só se poden asignar previa autorización do USUARIO/A cando desexe ter identificación inmediata para acceder a áreas restrinxidas do sitio web sen que o USUARIO/A insira manualmente as súas claves. En todo caso, se o USUARIO/A desexa que non se instalen esas cookies ten a posibilidade de configurar o seu navegador para impedilo sen que se produza ningunha alteración ou modificación no uso do sitio web.

#### **5.9.- Veracidade dos datos:**

O USUARIO/A é responsábel da veracidade dos seus datos, comprometéndose a non introducir datos falsos e a proceder á rectificación dos mesmos se fose necesario. As cotitulares da licenza de uso poñen ao dispor do/a USUARIO/A todos os medios para que poida proceder á modificación dos seus datos. O/A USUARIO/A manifesta que cando non introduce os seus datos persoais, senón os dun terceiro, está autorizado por este para súa introdución.

#### **5.10.- Spamming ou envío de correos non solicitados:**

As cotitulares da licenza de uso rexeitan á práctica do spamming.

As cotitulares da licenza de uso, unicamente, envían información aos correos electrónicos facilitados por aqueles que se rexistraron como USUARIOS/AS no sitio web cig-ensino.gl, xa que logo, tras aceptar as presentes Condicións Xerais e a súa política de protección de datos para o envío desta información ou, no seu caso, ao USUARIOS/AS que, previo contacto telefónico, autorizan o envío desas mensaxes.

As cotitulares da licenza de uso tampouco permitirán tais prácticas, por parte do/a USUARIO/A, procedendo á cancelación dos servizos que poida ter contratados e reservándose as accións legais que resulten pertinentes.

### **6.- RESPONSABILIDADE DAS COTITULARES DA LICENZA DE USO DO SITIO WEB:**

#### **6.1.- Erros nas conexións, caso fortuíto e forza maior:**

As cotitulares da licenza de uso do software aloxado no sitio web cig-ensino.gl non serán responsábeis dos erros, atrasos no acceso, atrasos no sistema ou calquera anomalía que poida xurdir en relación con problemas de carácter xeral na rede internet, causas de caso fortuíto ou forza maior ou calquera outra contingencia totalmente imprevisíbel e, xa que logo, allea á boa fe das mesmas. As cotitulares da licenza de uso comprométese a tratar de solucionar estas incidencias, poñendo todos os medios ao seu alcance e ofrecendo todo o apoio necesario ao USUARIO/A para liquidar as incidencias da forma máis rápida e satisfactoria posíbel. Asemade, as cotitulares da licenza de uso non serán responsábeis dos fallos que por estas causas se poidan producir nas comunicacións, borrado ou transicións incompletas, de maneira que non garanten que os sitios web estean en todo momento operativos cando se deba a cuestións non imputábeis ás mesmas ou que estas non poida resolver cos medios que están ao seu alcance. O/A USUARIO/A exime de toda responsabilidade ás cotitulares da licenza de uso se concorre algunha destas causas.

#### **6.2.- Uso do sitio web cig-ensino.gl:**

As cotitulares da licenza de uso non serán responsábeis, en ningún caso, polos erros ou danos producidos polo uso ineficiente e de mala fe do servizo por parte do USUARIO/A. Tampouco serán responsábeis das consecuencias maiores ou menores pola falta de comunicación entre elas e o/a USUARIO/A, cando sexa imputábel ao non funcionamento do correo electrónico facilitado ou á falsidade dos datos proporcionados polo/a USUARIO/A no seu rexistro.

#### **6.3.- Responsabilidades das cotitulares da licenza de uso:**

As cotitulares da licenza de uso asumen as responsabilidades que

poidan derivarse da prestación dos servizos que ofrecen, dentro dos límites e tal e como se especifica nas distintas Condicións Xerais de Contratación dos servizos que se poñen a disposición do/a USUARIO/A.

## 7.- RESPONSABILIDADE DO USUARIO/A DOS SISTEMAS:

### 7.1.- Bo uso do servizo:

O USUARIO/A está obrigado a facer un bo uso do servizo e, xa que logo, a non utilizalo de mala fe para calquera práctica que estea prohibida pola lei ou rexeitada polos usos mercantís. As cotitulares da licenza de uso fican facultadas, por medio das presentes Condicións Xerais de Uso, a partir do momento no que teñan coñecemento fidedigno da realización por parte do USUARIO/A de calquera actuación ou uso ilegal en xeral, a pór en coñecemento das autoridades competentes estas circunstancias, así como a dar de baixa ao USUARIO/A ou restrinxirle o acceso ao sitio web cig-ensino.gl. O/A USUARIO/A será o único responsábel, fronte a calquera reclamación ou acción legal, xudicial ou extraxudicial, instada por terceiros prexudicados directamente por el propio, ante Xulgados ou outros organismos, asumindo todos os gastos, custos e indemnizacións que, no seu caso, puidesen ter que asumir as cotitulares da licenza de uso, como responsábeis dos servizos, se a reclamación se dirixise contra as mesmas. Asemade, as cotitulares da licenza de uso colaborarán e notificarán á autoridade competente estas incidencias no momento no que teñan coñecemento fidedigno de que as actividades realizadas son ilícitas, especialmente no ámbito de contidos introducidos polo/a USUARIO/A que poidan vulnerar dereitos ou intereses lexítimos das cotitulares da licenza de uso ou de terceiros.

### 7.2.- Coñecemento fidedigno:

As cotitulares da licenza de uso, no caso de recibir algún tipo de comunicado fidedigno, por parte dun terceiro, sobre a suposta

ilicitude dalgún contido ou actividade levada a cabo por un/unha USUARIO/A dos servizos das mesmas, procederá a pólo en coñecemento do/a USUARIO/A e, no caso de que a actividade sexa manifestamente ilícita, bloqueará o servizo en cuestión. Para que unha actividade se considere manifestamente ilícita, a ilicitude debe ser inequívoca para calquera que acceda aos contidos en cuestión.

### 7.3.- Garda e custodia de claves de acceso:

O/A USUARIO/A será responsábel da seguridade e confidencialidade de todas as claves que lle sexan outorgadas polas cotitulares da licenza de uso, para o acceso aos distintos servizos contratados, área privada, etc., debendo gardalas en lugar seguro co fin de impedir o acceso a terceiros non autorizados.

### 7.4.- Dilixencia debida:

O/A USUARIO/A responsabilízase de realizar todas as actuacións que lle sexan requiridas coa dilixencia debida. Con carácter especial, o/a USUARIO/A debe ser dilixente no que se refire á actualización e veracidade dos seus datos persoais, fundamentalmente do correo electrónico sinalado nos formularios de rexistro, como vía principal de contacto coas cotitulares da licenza de uso.

## 8.- COMUNICACIÓNS ENTRE AS COTITULARES E OS/AS USUARIOS/AS DOS SISTEMAS:

As cotitulares da licenza de uso e o USUARIO/A acordan comunicarse e notificarse todas as incidencias que se produzan ao longo da vixencia dos distintos servizos que poidan ter contratados, preferentemente e previo a calquera outra vía de comunicación, mediante correo electrónico. O correo único das cotitulares da licenza de uso para estas comunicacións será [formacion@galizacig.net](mailto:formacion@galizacig.net) e o do/a USUARIO/A será o facilitado nos distintos formularios de rexistro e solicitude de información.

O/A USUARIO/A comprométese a ter operativo este correo electrónico e/ou a modificalo, se fose necesario, para continuar recibindo as comunicacións. As comunicacións realizaranse mediante: área privada, teléfono, fax, correo postal, mensaxaría ou calquera outro sistema axeitado ao fin que se persiga. Con todo, a vía de comunicación preferente é a do correo electrónico, ficando exentos os cotitulares da licenza de uso de todo tipo de responsabilidade que se poida derivar pola falta de consulta ou erro no correo electrónico facilitado polo/a USUARIO/A.

Cada unha das partes será responsábel da garda e custodia das copias das comunicacións que se realicen.

## 9.- DEREITOS DE AUTOR/A E MARCA:

Os cotitulares da licenza de uso do software aloxado no sitio web cig-ensino.gl son persoas xurídicas debidamente rexistradas e legalizadas; motivo polo que fica prohibida a utilización allea por calquera medio das denominacións: CIG e/ou AS-PG, que inclúe tanto o nome, como o logotipo, agás consentimento expreso das mesmas. Ademais, o software aloxado no sitio web cig-ensino.gl, xestionado pola CIG e AS-PG, baixo licenza de uso outorgada pola propietaria do software: a fundación FORGA, atópase plenamente protexida polos dereitos de autor, ficando expresamente prohibida toda reprodución, comunicación, distribución e transformación dos referidos elementos protexidos, agás consentimento expreso da súa propietaria: forGA.

## 10.- JURISDICCIÓN E LEXISLACIÓN APLICÁBEL:

As presentes Condicións Xerais réxense pola lexislación galega, española e europea. Especificamente están suxeitas ao disposto na Lei 7/1988 de 13 de Abril, sobre Condicións Xerais de Contratación; Lei 26/1984 de 19 de Xullo Xeral, para Defensa de

Consumidores/as e Usuarios/as; Real Decreto 1906/1999 de 17 de Decembro de 1999, polo que se regula a Contratación Telefónica ou Electrónica con condicións xerais; a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal; a Lei 7/1996, de 15 de Xaneiro de Ordenación do Comercio polo miúdo, e Lei 34/2002 de 11 de Xullo, de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico e a Lei 16/39 de Servizos de Pagamento, así como calquera outra Lei ou regulamento que as desenvolva ou modifique. Estas Condicións serán sempre de

aplicación, onda as Condicións que regulen o servizo específico que se contrate.

Para resolución de calquera controversia ou conflito que se derive das presentes condicións xerais serán competentes os Xulgados e Tribunais da cidade de Vigo, renunciando expresamente o CONTRATANTE a calquera outro foro que puidese corresponderlle.

#### 11.- VARIOS:

No caso de que calquera cláusula do presente documento sexa declarada nula, as demais

cláusulas seguirán vixentes e interpretaranse tendo en conta a vontade das partes e a súa finalidade. As cotitulares da licenza de uso do software aloxado no sitio web cig-ensino.gl poderán non exercitar algún dos dereitos e facultades conferidos neste documento, o que non implicará en ningún caso a renuncia aos mesmos, agás recoñecemento expreso por parte das mesmas. As presentes Condicións Xerais rexistraranse no Rexistro Xeral de Condicións de Contratación para outorgar transparencia e seguridade a todo o proceso.

**En Santiago de Compostela, a 1 de Outubro do 2013**